


SODIGA

SODIGA

95



## MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Ao 31 de Decembro de 1995

Presidente D. José Luis Fernández García

Vicepresidente Xunta de Galicia,
representada por D. Joaquín del Moral Crespo

Vocais Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE),
representado por D. Diego Diz Fernández
D. José Antonio Gómez Segade
D. Samuel Jesús Juárez Casado
Doña. Margarita Rodríguez Rama
D. Víctor Tello Calvo
D. Francisco Domínguez Martínez
D. Fernando Díaz Fernández
D. Enrique Centelles Echeverría
D. Carlos Velasco Garrido

Secretario D. Fernando García Agudín





# COMPOSICIÓN DO CAPITAL SOCIAL

AO 31 DE DECEMBRO DE 1995

| ACCIONISTAS | IMPORTE (PTS.) | % |
|---|---|---|
| IGAPE | 1.683.006.000 | 46,19 |
| XUNTA DE GALICIA | 561.656.000 | 15,41 |
| TENEO | 182.190.000 | 5,00 |
| CAIXA GALICIA | 341.025.000 | 9,36 |
| CAIXA VIGO | 257.371.000 | 7,06 |
| CAIXA OURENSE | 181.258.000 | 4,98 |
| BANCO PASTOR | 156.674.000 | 4,30 |
| BANCO BILBAO VIZCAYA | 102.565.000 | 2,82 |
| CAIXA PONTEVEDRA | 71.170.000 | 1,95 |
| SOCIETÉ DE DEVELOPEMENT RÉGIONAL DE BRETAGNE | 36.438.000 | 1,00 |
| SOCIETÉ DE DEVELOPEMENT RÉGIONAL DE L'OUEST | 36.438.000 | 1,00 |
| BANCO EXTERIOR DE ESPAÑA | 33.993.000 | 0,93 |
| TOTAIS | 3.643.784.000 | 100 |



## ORDE DO DÍA

### XUNTA XERAL ORDINARIA DE ACCIONISTAS
### EXERCICIO 1995

| | |
|---|---|
| 1 | Exame e aprobación, se procede, da Memoria, Balanzo e Conta de Perdas e Ganancias e Informe de Xestión correspondentes ao exercicio 1995 e, asi mesmo, da Xestión do Consello de Administración. |
| 2 | Acordo sobre a Proposta de Aplicación do Resultado. |
| 3 | Renovación e Ratificación de Conselleiros. |
| 4 | Aprobación da Acta e, se é o caso, designación dos Interventores para tal aprobación. |

# CONTAS ANUAIS

BALANZO
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS
MEMORIA

# INFORME DE XESTIÓN

## Activo

| | | 1995 | 1994 |
|---|---|---|---|
| B) INMOBILIZADO | | **2.732.481.399** | **1.906.968.308** |
| | II. Inmobilizacións inmateriais | 179.222 | 179.222 |
| | III. Inmobilizacións materiais | 80.602.463 | 83.809.236 |
| | Terreos e bens naturais | 24.627.910 | 24.627.910 |
| | Construccións varias | 62.304.185 | 62.304.185 |
| | Outras instalacións | 5.754.037 | 5.389.217 |
| | Mobiliario | 17.286.906 | 17.248.394 |
| | Equipos procesos de información | 12.215.173 | 11.224.757 |
| | Elementos de transporte | 4.578.041 | 4.493.641 |
| | Outro inmobilizado material | 5.559.625 | 5.409.683 |
| | Amortización acumulada inmobilizado material | (51.723.414) | (46.888.551) |
| | IV. Inmobilizacións financeiras | **2.614.970.871** | **1.758.324.633** |
| | Investimentos en capital | 1.259.128.644 | 1.099.761.084 |
| | Anticipos de desinvestimentos en capital | (4.891.642) | (11.153.846) |
| | Subscripción Obrigacións | 600.000.000 | – |
| | Préstamos a empresas participadas | 1.075.852.808 | 1.016.920.432 |
| | Revaluación de investimentos en capital | 82.873.864 | 71.225.051 |
| | Provisión depreciacións financeiras | (397.119.324) | (418.116.815) |
| | Autoseguro sobre participacións | (873.479) | (311.273) |
| | VI. Débedas a longo prazo | **36.728.843** | **64.655.217** |
| | Por desinvestimentos | 36.728.843 | 61.399.343 |
| | Outros debedores | – | 3.255.874 |
| D) CIRCULANTE | | **1.870.557.543** | **2.120.788.368** |
| | III. Debedores | **496.365.624** | **494.986.505** |
| | Amortizacións de préstamos vencidas | 231.678.318 | 214.913.256 |
| | Por operacións con participadas | 53.019.599 | 31.574.194 |
| | Por desinvestimentos | 100.139.279 | 123.164.400 |
| | Por efectos devoltos | 49.415.116 | 48.035.001 |
| | Entidades públicas debedoras | 15.365.493 | 22.335.362 |
| | Persoal e outros debedores | 46.747.819 | 54.964.292 |
| | IV. Investimentos financeiros temporais | **1.247.628.306** | **1.481.477.713** |
| | VI. Tesourería | **123.457.871** | **142.338.693** |
| | Bancos contas correntes | 123.057.871 | 141.938.693 |
| | Caixa | 400.000 | 400.000 |
| | VII. Axustes por periodificación | **3.105.742** | **1.985.457** |
| TOTAL ACTIVO | | **4.603.038.942** | **4.027.756.676** |
| CONTAS DE ORDE | | **6.350.668** | **6.350.668** |

## Pasivo

| | | 1995 | 1994 |
|---|---|---|---|
| A) FONDOS PROPIOS | | **4.071.498.013** | **3.957.476.111** |
| | I. Capital subscrito | 3.643.784.000 | 3.643.784.000 |
| | IV. Reservas | 302.760.759 | 261.671.590 |
| | Reservas Legais | 69.425.569 | 64.223.517 |
| | Reservas voluntarias | 233.335.190 | 197.448.073 |
| | VI. Perdas e Ganancias | 124.953.254 | 52.020.521 |
| B) INGRESOS A DISTRIBUIR EN VARIOS EXERCICIOS | | **500.000.000** | **-** |
| | Subvencións de capital | 500.000.000 | - |
| C) PROVISIÓN PARA RISCOS E GASTOS | | **-** | **39.000.000** |
| | Provisións xenéricas | - | 39.000.000 |
| E) ACREDORES A CURTO PRAZO | | **31.540.929** | **31.280.565** |
| | IV. Acredores comerciais | 5.046.083 | 4.603.685 |
| | V. Outras débedas non comerciais | 21.852.502 | 22.835.249 |
| | Entidades públicas acredoras | 11.998.283 | 11.737.633 |
| | Acredores diversos | 9.854.219 | 11.097.616 |
| | VII. Axustes por periodificación | 4.642.344 | 3.841.631 |
| **TOTAL PASIVO** | | **4.603.038.942** | **4.027.756.676** |
| CONTAS DE ORDE | | **6.350.668** | **6.350.668** |

# CONTA DE PERDAS E GANANCIAS AO 31 DECEMBRO

## Debe

| | 1995 | 1994 |
|---|---|---|
| A) GASTOS | | |
| GASTOS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS | | |
| 3. Gastos de persoal | 157.877.320 | 150.292.716 |
| Soldos e salarios | 128.027.085 | 122.331.557 |
| Cargas sociais | 29.850.235 | 27.961.159 |
| 4. Dotacións para amortizacións de inmobilizado material | 4.834.863 | 5.152.541 |
| 6. Outros gastos de explotación | 52.698.017 | 66.611.069 |
| Consello, servizos e outros | 52.698.017 | 66.611.069 |
| 8. Variacións das provisións de investimentos financeiros | 68.594.672 | 90.693.388 |
| Dotacións a provisións | 68.594.672 | 90.693.388 |
| 9. Diferencias negativas de cambio | 17.537 | 14.932 |
| TOTAL GASTOS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS | 284.022.409 | 312.764.646 |
| III. BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS | 94.696.079 | 45.934.842 |
| PERDAS E GASTOS EXTRAORDINARIOS | | |
| 11. Perdas procedentes do inmovilizado inmaterial, material e carteira de control | - | 220.387 |
| 14. Gastos e perdas de outros exercicios | 395.322 | 544.952 |
| TOTAL GASTOS EXTRAORDINARIOS | 395.322 | 765.339 |
| IV. RESULTADOS EXTRAORDINARIOS POSITIVOS | 41.345.398 | 6.085.679 |
| V. BENEFICIOS ANTES DE IMPOSTOS | 136.041.477 | 52.020.521 |
| 15. Imposto sobre sociedades | 11.088.223 | – |
| VI. RESULTADO DO EXERCICIO (BENEFICIOS) | 124.953.254 | 52.020.521 |

# Haber

| | 1995 | 1994 |
|---|---|---|
| B) INGRESOS | | |
| INGRESOS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS | | |
| **1. Ingresos financeiros** | **357.737.270** | **320.398.268** |
| Ingresos de participacións | 85.543.457 | 83.299.888 |
| Ingresos de préstamo | 102.458.783 | 103.409.037 |
| Ingresos por xuros diferidos | 7.160.724 | 10.477.219 |
| Ingresos por investimentos financeiros temporais | 136.574.313 | 123.212.124 |
| Xuros de obrigacións | 25.999.993 | – |
| **2. Outros ingresos** | **20.981.218** | **38.301.220** |
| Subvencións á explotación | – | 12.317.346 |
| Comisións, servizos e outros | 20.981.218 | 25.983.874 |
| TOTAL INGRESOS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS | **378.718.488** | **358.699.488** |
| BENEFICIOS E INGRESOS EXTRAORDINARIOS | | |
| **12. Ingresos extraordinarios** | **14.262** | **193.055** |
| **13. Ingresos e beneficios de outros exercicios** | **41.726.458** | **6.657.963** |
| TOTAL INGRESOS EXTRAORDINARIOS | **41.740.720** | **6.851.018** |





# MEMORIA

## ACTIVIDADE DA SOCIEDADE

A SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA, S.A. foi constituída, ao abeiro do Decreto 2182 do 21 de xullo de 1972, o 14 de novembro do mesmo ano, e configurada xuridicamente como Sociedade Anónima por tempo indefinido.

O obxecto social é a promoción e impulso do desenvolvemento industrial de Galicia mediante o investimento financeiro, o asesoramento, o fornecemento de servizos, a elaboración de estudios e calisquer outras actividades encamiñadas ao cumprimento do seu obxecto social.

O domicilio social encóntrase en 15701 Santiago de Compostela (A Coruña), rúa Ourense, nº 6.

## BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

As contas anuais elaboráronse a partir dos rexistros contábeis de SODIGA, téndose aplicado as disposicións legais vixentes en materia contábel co obxecto de amostrar unha imaxe fiel do patrimonio, situación financeira e resultados obtidos pola Sociedade.

## NORMAS DE VALORACIÓN

INMOBILIZACIÓNS INMATERIAIS. Están constituídas pola marca e rótulo de establecemento da Sociedade, valoradas ao seu custo orixinario actualizado pola taxa quinquenal cargada polo Rexistro da Propiedade Industrial.

INMOBILIZACIÓNS MATERIAIS. Rexístranse polo seu custo de adquisición regularizado de acordo coas disposicións vixentes.

A amortización calcúlase mediante o método lineal, en función dos anos de vida útil legalmente estimados para os diferentes elementos do activo, de acordo co detalle seguinte:

| Activos amortizábeis | Anos de vida útil estimados |
|---|---|
| Edificios | 50 |
| Instalacións e mobiliario | 10 |
| Equipos de oficina | 5 |
| Elementos de transporte | 8 |

INMOBILIZACIÓNS FINANCEIRAS. Os títulos correspondentes ás accións rexístranse polo seu prezo de adquisición.

Os préstamos concedidos ás empresas participadas rexístranse polo seu valor de concesión.

O principal dos préstamos vencidos así como os xuros vencidos dos mesmos, preséntanse no epígrafe de Debedores no balanzo de situación.

As revalorizacións dos investimentos no capital daquelas accións sometidas a contrato de promesa de compraventa a prazo con cláusula de revalorización, rexístranse polo importe da revaluación devengada á data do balanzo.

Non se recollen no balanzo as plusvalías latentes nas empresas con participación non suxeita a contrato de compraventa a prazo con cláusula de revaluación cando o seu valor contábel supere o de adquisición.

Os valores de renda fixa a longo prazo figuran valorados ao seu prezo de adquisición.

A Sociedade segue o criterio de dotar provisións específicas para a cobertura da depreciación da carteira e os riscos de insolvencia

dos préstamos, así como para calisquer outros activos financeiros de dubidosa realización.

A 31 de decembro de 1994, a Sociedade tiña dotada unha provisión xenérica con obxecto de facer fronte a eventuais minusvalías futuras derivadas das incertidumes da situación económica xeral. A provisión estableceuse seguindo pautas subministradas pola experiencia histórica.

Sin embargo, a sociedade discontinuou esta práctica perante o comportamento dos riscos nos últimos exercicios, a evolución da concentración dos mesmos e, ao cobrir o Convenio de Cooperación Financeira aqueles investimentos que poideran ter un maior risco. Por isto, o saldo da provisión xenérica aplicouse no exercicio 1995 ao cálculo da provisión específica.

Nalgunhas sociedades constitúense garantías adicionais sobre o investimento financeiro en participacións e préstamos mediante un convenio de afianzamento subscrito coa Compañía Española de Reafianzamiento (antes Sociedad Mixta de Segundo Aval). Unha parte desta cobertura materialízase nun autoseguro sobre participacións afianzadas pola Compañía Española de Reafianzamiento.

CONVENIO DE COOPERACIÓN FINANCEIRA. A Sociedade ten subscrito un convenio de colaboración financeira co IGAPE, polo cal recibe subvencións de capital de carácter non reintegrábel que teñen que destinarse ao financiamento de operacións de investimento especiais, entendendo por éstas aquelas con riscos máis elevados que os normalmente admitidos pola sociedade ou con períodos de maduración ou amortización superiores aos do resto de investimentos.

Estas subvencións impútanse a resultados en función dos gastos xerados polos investimentos en que aquelas se materializan, netos dos ingresos obtidos cos mesmos. Cando os ingresos derivados destes investimentos superen os correspondentes gastos xerados no exercicio, a diferencia aplicarase a incrementar o saldo da conta de ingresos a distribuir en varios exercicios.

IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES. SODIGA desfruta dun marco fiscal específico regulado polo *Régimen Fiscal de las Sociedades de Desarrollo Industrial Regional*, de acordo coa Lei 18/1982 do 26/5, que estabelece determinadas bonificacións e desgravacións sobre a base imponíbel. Este marco específico foi parcialmente modificado pola Lei 43/1995 de 27 de decembro do Imposto sobre Sociedades.

GARANTÍAS COMPROMETIDAS. En contas de orde consígnase o risco vivo en concepto de garantías comprometidas, que ascende a 6.350.668.- Pts. a 31/12/95, por avales concedidos a participadas.





## INMOBILIZACIÓNS FINANCEIRAS E VARIACIÓNS PATRIMONIAIS MÁIS SIGNIFICATIVAS

A composición por vencementos das Inmobilizacións Financeiras durante os dous últimos exercicios foi a seguinte:

| Vencementos | Participacións | Revaluacións | Préstamos non vencidos |
|---|---|---|---|
| Compromisos vencidos | 179.298.000 | 43.870.776 | – |
| Vencementos 1995 | 217.931.154 | 27.354.275 | 234.662.866 |
| 1996 e seguintes | 691.378.084 | – | 782.257.566 |
| **SALDO (31/12/94)** | **1.088.607.238** | **71.225.051** | **1.016.920.432** |
| Compromisos vencidos | 144.106.358 | 44.392.025 | – |
| Vencementos 1996 | 225.947.160 | 38.481.839 | 270.865.354 |
| 1997 e seguintes | 884.183.484 | – | 804.987.454 |
| **SALDO (31/12/95)** | **1.254.237.002** | **82.873.864** | **1.075.852.808** |

Os valores subscritos de renda fixa teñen o seu vencemento o 15 de xuño do 2003.

As variacións patrimoniais rexistradas nos dous últimos exercicios foron:

| Movementos | Participacións | Revaluacións | Préstamos non vencidos | Valores de renda fixa |
|---|---|---|---|---|
| **SALDO (31/12/93)** | **1.282.587.998** | **82.876.186** | **977.735.299** | **–** |
| Altas | 54.995.000 | 82.992.598 | 350.648.000 | – |
| Baixas | 230.407.029 | 94.403.733 | 292.847.478 | – |
| Aplicación de provisións | 18.568.731 | 240.000 | 18.615.389 | – |
| **SALDO (31/12/94)** | **1.088.607.238** | **71.225.051** | **1.016.920.432** | **–** |
| Altas | 494.992.560 | 85.543.457 | 312.000.000 | 600.000.000 |
| Baixas | 255.220.748 | 70.651.902 | 253.067.624 | – |
| Aplicación de provisións | 74.142.048 | 3.242.742 | – | – |
| **SALDO (31/12/95)** | **1.254.237.002** | **82.873.864** | **1.075.852.808** | **600.000.000** |

O movemento da provisión específica para riscos, incluído o fondo de autoseguro, foi o seguinte:

| | |
|---|---|
| **SALDO 31/12/93** | **380.713.026** |
| Dotacións | 90.693.388 |
| Aplicacións | 52.978.326 |
| **SALDO 31/12/94** | **418.428.088** |
| Dotacións | 68.594.672 |
| Traspaso provisión xenérica | 39.000.000 |
| Aplicacións | 128.029.957 |
| **SALDO 31/12/95** | **397.992.803** |

As aplicacións durante 1995 destináronse ao saneamento do inmobilizado financeiro por 77.384.790 Pts., segundo o desglose descrito, correspondendo o resto, 50.645.167 Pts., ao saneamento de debedores.

## CARTEIRA DE EMPRESAS ASOCIADAS

A relación das empresas participadas pola SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA, S.A, en actividade e con participación igual ou superior ao 20 % na data de 31 de decembro de 1995, é a seguinte (expresado en millóns de pesetas):

| Empresa | Domicilio social | % participación | Capital social |
|---|---|---|---|
| GESTIÓN ENERGÉTICA DE GALICIA, S.A. | R/ Hórreo 94, ent. esq. - Santiago (A Coruña) | 42,550 | 10,57 |
| HUERTA DE MANDIÁ, S.A. | Mandiá - Ferrol (A Coruña) | 25,000 | 26,00 |
| ALIMENTOS DEL NOROESTE, S.A. | Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas (Ourense) | 40,000 | 35,00 |
| TERMOJET, S.A. | Avda. Aeroporto de Vigo, 119 - Mos (Pontevedra) | 25,000 | 40,00 |
| PALET ESPAÑA, S.A. | As Gándaras de Budiño - O Porriño (Pontevedra) | 40,000 | 50,00 |
| EMILIO MAFFEZINI, S.A. | San Sadurniño (A Coruña) | 30,000 | 50,00 |
| DINAK, S.A. | Avda. de Castelao, 73, 4º C - Vigo (Pontevedra) | 25,000 | 80,00 |
| MOLDURAS DE GALICIA, S.A. | As Lagoas - Narón (A Coruña) | 22,222 | 45,00 |
| NAK ELECTRÓNICS, S.A. | Avda. Castelao, 73 - Vigo (Pontevedra) | 28,571 | 14,00 |
| EUROBANDAS, S.A. | Vincios - Tui (Pontevedra) | 24,990 | 75,00 |
| UNIÓN DISTRIBUID. DE ELECTRIC., S.A. | Avda. de Lugo, 125, 2º C - Santiago (A Coruña) | 30,000 | 100,00 |
| MECAMOS, S.A. | Rans, 20 - Tameiga - Mos (Pontevedra) | 25,000 | 16,00 |
| APROHIGASA | Avda. de La Habana, 24 (Ourense) | 20,000 | 225,00 |
| BONSAI GALICIA, S.A. | Vilarpiñeiro - Vedra (A Coruña) | 20,000 | 20,00 |
| FOMENTO HABITACIONAL, S.A. | Salvaterra do Miño (Pontevedra) | 20,000 | 12,50 |
| UNICAR, VEHÍCULOS INDUSTRIALES, S.A. | Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas (Ourense) | 33,330 | 75,00 |
| TEJA 2, S.L. | R/ Tomás Alonso, 59 - Vigo (Pontevedra) | 39,740 | 15,10 |
| IBISA TELEVISIÓN, S.L. | R/ Igrexa de Calo, 24 - Teo (A Coruña) | 33,330 | 18,00 |
| CENTRO DE INVESTIGAC. MUSICAL, S.L. | Parque Tecnolóxico de Galicia (Ourense) | 33,330 | 12,00 |
| PRIVILEGE ADVANCED GRANITS, S.A. | Polígono Industrial As Lagoas - Narón (A Coruña) | 25,000 | 400,00 |
| HORMITUBO, S.A. | Parque Comercial e Industrial - Silleda (Pontevedra) | 25,000 | 100,00 |
| DISGALFRUVER, S.L. | Polígono industrial A Grela - Bens (A Coruña) | 20,000 | 40,00 |





## INGRESOS E GASTOS

INGRESOS. A case totalidade dos ingresos da Sociedade teñen carácter financeiro, como corresponde á índole da sua actividade.

GASTOS. **Gastos do persoal.** O epígrafe de cargas sociais recolle, á parte do habitual concepto da Seguridade Social a cargo da empresa, outros Gastos Sociais que comprenden:

| | |
|---|---|
| Cursiños diversos | 655.473 |
| Premios, axudas e outros | 1.503.591 |
| **TOTAL** | **2.159.064** |

**Outros gastos de explotación.** O importe rexistrado no exercicio descomponse como segue:

| | |
|---|---|
| Gastos do consello e colaboradores | 16.518.087 |
| Reparacións e fornecementos varios | 6.714.831 |
| Gastos de viaxe | 3.923.259 |
| Servizos auxiliares | 5.720.349 |
| Comunicacións | 3.536.273 |
| Publicidade, propaganda e relacións públicas | 4.380.538 |
| Promoción exterior | 4.743.005 |
| Outros gastos | 7.161.675 |
| **TOTAL** | **52.698.017** |





## CADROS DE FINANCIAMENTO

A orixe e aplicación dos recursos, así como as variacións rexistradas no capital circulante, resúmense nos seguintes cadros:

### Cadro de financiamento: exercicios 1995 - 1994

**APLICACIÓN**

| | 1995 | 1994 |
|---|---|---|
| **Variación do inmobilizado** | | |
| Inmaterial | | 40.540 |
| Material | 1.628.090 | 18.172.218 |
| **Investimento financeiro** | | |
| Obrigacións | 600.000.000 | – |
| Participacións | 494.992.560 | 54.995.000 |
| Préstamos | 312.000.000 | 350.648.000 |
| Revaluacións de participacións | 85.543.457 | 82.992.598 |
| **Dividendos** | 10.931.352 | 92.916.492 |
| **TOTAL APLICACIÓN** | **1.505.095.459** | **599.764.848** |
| **INCREMENTO DO CAPITAL CIRCULANTE** | **–** | **201.756.995** |

**ORIXE**

| | 1995 | 1994 |
|---|---|---|
| **Recursos procedentes das operacións** | 158.945.937 | 147.866.450 |
| **Alleamento inmobilizacións materiais** | – | 220.387 |
| **Subvencións de capital** | 500.000.000 | – |
| **Desinvestimentos financeiros** | | |
| Participacións | 255.220.748 | 230.407.029 |
| Préstamos | 156.465.926 | 203.992.556 |
| Revaluacións de participacións | 76.892.749 | 94.403.733 |
| **Desinvestimento por traspaso de préstamo vencido a debedores a curto prazo** | 96.601.698 | 88.854.922 |
| **Debedores a longo prazo** | 27.926.374 | 35.776.766 |
| **TOTAL ORIXE** | **1.272.053.432** | **801.521.843** |
| **DIMINUCIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE** | **233.042.027** | **–** |

## Variación do capital circulante: exercicios 1995 - 1994

| | 1995 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | Aumento | Diminución | Aumento | Diminución |
| Debedores a curto prazo | 18.828.281 | – | 27.179.267 | – |
| Acredores | – | 260.364 | – | 3.706.479 |
| Investimentos financeiros temporais | – | 233.849.407 | 328.873.576 | – |
| Tesouraría | – | 18.880.822 | – | 150.685.469 |
| Outras contas non bancarias | – | – | – | 26.796 |
| Axustes por periodificación | 1.120.285 | – | 122.896 | – |
| **VARIACIÓNS DO CAPITAL CIRCULANTE** | **19.948.566** | **252.990.593** | **356.175.739** | **154.418.744** |
| **INCREMENTO / DIMINUCIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE** | **233.042.027** | **–** | **–** | **201.756.995** |

## Conciliación do resultado contábel cos recursos procedentes das operacións

| | 1995 | 1994 |
|---|---|---|
| **Resultado contábel do exercicio** | **124.953.254** | **52.020.521** |
| Dotacións a amortizacións do inmobilizado | 4.834.863 | 5.152.541 |
| Dotacións a provisións financeiras | 68.000.000 | 90.000.000 |
| Dotacións ao autoseguro sobre participacións | 594.672 | 693.388 |
| **Dotacións e amortizacións** | **73.429.535** | **95.845.929** |
| **Alleamento ou baixa de inmobilizacións financeiras** | (39.436.852) | – |
| **Recursos procedentes das operacións** | **158.945.937** | **147.866.450** |

## Axustes patrimoniais

Ademáis practicáronse os axustes patrimoniais seguintes:

| | 1995 | 1994 |
|---|---|---|
| **I. Fondo de amortización do inmobilizado, aplicación ao inmobilizado material** | **–** | **81.513** |
| **II. Fondo de provisións financeiras, aplicación a:** | **128.029.957** | **52.978.326** |
| Participacións | 74.142.048 | 18.568.731 |
| Revaluacións das participacións | 3.242.742 | 240.000 |
| Préstamos | – | 18.615.389 |
| Debedores a curto prazo | 50.645.167 | 15.554.206 |
| **III. Distribución dos resultados do exercicio anterior** | **52.020.521** | **139.327.777** |
| A reservas legais | 5.202.052 | 13.932.778 |
| A reservas voluntarias | 35.887.117 | 32.478.507 |
| A dividendos | 10.931.352 | 92.916.492 |
| **IV. Traspasos entre contas** | **39.000.000** | **6.300.000** |
| De axustes por periodificación a debedores C/P. | – | 6.300.000 |
| De provisións xenéricas a provisións específicas | 39.000.000 | – |


TOSCA
GRANIGLIATRICI
TOSCA
GRANIGLIATRICI

# INFORME DE XESTIÓN

## CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DO EXERCICIO

O exercicio social correspondente ao ano 1995 pode ser calificado de altamente satisfactorio baixo tres importantes puntos de vista:
- o posicionamento estratéxico alcanzado.
- a actividade investidora.
- os resultados xerados.

POSICIONAMENTO ESTRATÉXICO. A Xunta de Galicia ultimou en febreiro de 1995 a adquisición da maioría do capital social de SODIGA por medio do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), operación que terá importantes consecuencias motivadas pola incardinación da nosa Sociedade no conxunto de instrumentos de apoio ao empresariado, postas en marcha pola Consellería de Economía e Facenda: IGAPE, INESGA e a propia SODIGA.

Co IGAPE tíñase asinado xa a finais de 1994 un convenio de cooperación financeira para a creación e xestión dun Fondo de Financiamento ao Investimento (FFI), dotado no exercicio pasado con 500 millóns de Ptas. a título de subvención ao capital de SODIGA. O FFI permitiu ofrecer apoio a unha serie de novas empresas creadas ao abeiro do programa de formación empresarial do IGAPE denominado "Lanza", ao tempo que facía posíbel concertar a primeira operación de subscripción de obrigacións emitidas por unha importante empresa galega do sector alimentario, como parte dun plano de apoio á mesma deseñado pola Xunta.

Convén destacar que a elección por parte da Administración desta vía de financiamento de operacións especiais, con riscos máis elevados que os habitualmente admitidos ou períodos de maduración moi longos, que cabe cualificar de ortodoxa, permite conxurar os perigos de descapitalización en que cairon outras sociedades de capital risco controladas por outras Administracións Autonómicas.

Neste capítulo merecen especial atención as relacións con INESGA, centradas na cooperación técnica. INESGA comezou a ser operativa a mediados de 1995, contando desde entón co equipo de SODIGA para os labores de análise e seguimento dos proxectos de financiamento presentados polas empresas solicitantes. Esta colaboración mutua permite minimizar persoal e custos de funcionamento de INESGA ao tempo que supón para a nosa Sociedade uns ingresos adicionais pola prestación destes servizos técnicos, ademais de garantir a máxima facilidade ás empresas que pretendan recabar o apoio financeiro de ambas sociedades, como aconteceu no caso de Polipropileno de Galicia.

Exemplo notábel de colaboración coas Consellerías Sectoriais da Xunta de Galicia foi o estudio de situación e deseño do plano de reflotamento da empresa Saprocarne, antiga Frigsa, realizado por SODIGA a instancias das Consellerías de Agricultura e de Industria. Este informe foi a base de partida da entrada de Coren, garantía de futuro dunha actividade tan básica para Lugo e o seu sector gandeiro.

Por último, aínda que a sua asinatura e posta en marcha se farán efectivos dentro do presente ano de 1996, son de todo punto destacábeis as xestións que permitiron a creación do Fondo de Capital Risco Galicia-Norte de Portugal.

O mencionado Fondo é unha realización da Comisión de Traballo Galicia-Norte de Portugal constituida entre a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordenación da Rexión Norte, ao abeiro da Iniciativa Comunitaria INTERREG II, coa finalidade de potenciar as iniciativas empresariais que, por outra parte, están xurdindo xa nesta Eurorrexión decisiva para o futuro económico de Galicia.

O Fondo, aínda que conceptualmente único, está formado por dous diferentes: o portugués, cunha dotación de 1.000 millóns de escudos, e o de Galicia coa aportación equivalente agora, de 820 millóns de Ptas.

SODIGA e NORPEDIP xestionarán conxuntamente o Fondo de capital risco apoiando por esta vía a coparticipación de ambas sociedades no capital social de empresas que respondan a investimentos de empresarios portugueses en Galicia, investimentos de empresarios galegos no Norte de Portugal, ben como investimentos conxuntos de empresarios galegos e portugueses en beneficio das economías de ambas rexións aínda que se materialicen fóra delas.

As participacións de SODIGA e NORPEDIP serán sempre conxuntas e por cantidades iguais. Seguindo os criterios básicos do capital risco, tal participación conxunta terá sempre carácter minoritario e temporal.

Trátase, por tanto, dunha posibilidade de ampliación territorial das actuacións características tanto de SODIGA como de NORPEDIP, reforzada ademáis polo feito de traballaren conxuntamente, que contribuirá á expansión da actividade daquelas empresas que tomaren conciencia das oportunidades de mercado e de todas as demais posibilidades que ofrece unha Eurorrexión de 7 millóns de consumidores.

## ACTIVIDADE INVESTIDORA

O investimento financeiro durante o ano 1995 situouse en 1.407 millóns de Ptas., cifra que representa un máximo absoluto na actividade investidora da nosa sociedade, como pode comprobarse por comparación coas cifras correspondentes ao último quinquenio:

| | 1995 | 1994 | 1993 | 1992 | 1991 | 1990 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Participacións | 495 | 55 | 185 | 127 | 213 | 344 |
| Préstamos | 312 | 351 | 375 | 412 | 228 | 200 |
| Obrigacións | 600 | — | — | — | — | — |
| **INVESTIMENTO** | **1407** | **406** | **560** | **539** | **441** | **544** |
| **Indice** | **100** | **29** | **40** | **38** | **31** | **39** |

Habería que remontarse ao extraordinario exercicio de 1987, onde o investimento en participacións e préstamos alcanzou os 893 M. Ptas. para encontrar un exercicio comparabel ao de 1995.
O ano 1995 pode ser considerado excelente baixo un punto de vista investidor, aínda deducindo o efecto evidente da suscripción de obrigacións practicada no exercicio.
A meta conseguida non nos debe facer esquecer que a variábel básica da actividade investidora de SODIGA continúa sendo o nível alcanzado pola demanda solvente de investimento manifestada no exercicio, dependente do clima empresarial. Tesouraría abundante e escasez de proxectos empresariais viábeis son os trazos básicos que veñen resumindo a dinámica da promoción de iniciativas industriais novas.

## RESULTADOS

O cash flow e os resultados antes de impostos alcanzaron así mesmo uns valores altamente satisfactorios se atendemos á forte caída de tipos experimentada a partir do ano 1994.

| | 1995 | 1994 | 1993 | 1992 | 1991 | 1990 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Cash flow | 209 | 148 | 261 | 295 | 267 | 224 |
| Resultados a.i. | 136 | 52 | 139 | 156 | 131 | 115 |
| % MIBOR 3 meses | 8,8 | 8,0 | 11,7 | 13,3 | 13,2 | 15,2 |

As razóns da mellora da rentabilidade experimentada en relación co exercicio anterior estriban no crecemento dos ingresos, tanto polo aumento experimentado nos recursos financeiros disponíbeis como pola mellora relativa dos tipos de xuro, así como pola práctica conxelación dos gastos de explotación. Así mesmo, o exercicio 95 per-

mitiu aflorar unha notábel contía de resultados extraordinarios que fixeron posíbel optimizar a cifra do cash flow xerado pola actividade ordinaria da Sociedade.

Outro trazo destacado do exercicio foi a contracción das provisións dotadas (68 M.Ptas. contra 91 M.Ptas. en 1994), se ben neste caso hai que tomar en consideración a operación de traspaso de provisións xenéricas previamente constituídas que máis adiante se menciona.

## ACTIVIDADE FINANCEIRA. INVESTIMENTOS E DESINVESTIMENTOS

O investimento e desinvestimento executado no exercicio distribúese da seguinte maneira:

| | Investimento | Desinvestimento |
|---|---|---|
| Participacións con compromiso | 445 | 255 |
| Participacións a risco | 26 | 0 |
| Subscripción de obrigacións | 250 | 0 |
| Préstamos | 300 | 253 |
| **OPERACIÓNS ORDINARIAS** | **1.021** | **508** |
| Participacións a risco | 24 | 0 |
| Subscripción de obrigacións | 350 | 0 |
| Préstamos | 12 | 0 |
| **OPERACIÓNS FFI** | **386** | **0** |
| **TOTAL** | **1.407** | **508** |

As operacións de investimento con cargo a recursos ordinarios, non financiados mediante a subvención ao capital, materializáronse nos seguintes proxectos empresariais:

| | Participacións | Préstamos | Obrigacións | Total |
|---|---|---|---|---|
| Adegas das Eiras | 40 | 60 | – | 100 |
| Unvi | 25 | – | – | 25 |
| Poligal | 250 | – | – | 250 |
| Graninter | 30 | 120 | – | 150 |
| Gesrubber | 50 | – | – | 50 |
| Mecamós | – | 10 | – | 10 |
| Neoplástica | – | 40 | – | 40 |
| Finatlantic | 1 | – | – | 1 |
| Tile-Stone | – | 30 | – | 30 |
| Privilege Granits (Quarella) | 50 | – | – | 50 |
| Hormitubo | 25 | – | – | 25 |
| Granisa | – | 40 | – | 40 |
| Pescanova | – | – | 250 | – |
| | **471** | **300** | **250** | **1.021** |

## CASH FLOW E RESULTADOS

O Exercicio cerrouse cuns resultados antes de impostos de 136 millóns de Ptas. que supoñen un notábel incremento con respecto aos conseguidos no ano anterior (52 millóns de Pts.).

Así mesmo, o cash flow total elevouse a 209 millóns de Ptas. fronte aos 148 do ano 1994.

Estas melloras explícanse por:

- A boa evolución do cash flow ordinario, derivada do significativo crecemento dos ingresos financeiros xunto coa rigorosa contención dos gastos.
- O importante crecemento experimentado polo cash flow accesorio como consecuencia do bo comportamento dos ingresos ex-

traordinarios e a ausencia de indemnizacións laborais, que pesaron sobre o exercicio anterior.

Paga a pena profundar un pouco nas causas últimas deste favorábel comportamento.

A boa evolución dos ingresos financeiros ten a sua orixen tanto no mellor comportamento dos tipos de xuro en 1995 respecto ao ano 94, como na disposición de fondos adicionais subministrados polo IGAPE (350 M.Ptas.) para cofinanciar a operación de adquisición de obrigacións Pescanova, que xeraron os correspondentes devengos no segundo semestre do exercicio. En resumo, a boa evolución dos rendementos financeiros explícase polo favorábel efecto tanto de prezos como de cantidades comprometidas no financiamento xestionado.

A respecto dos gastos cumpre observar a rigorosa contención dos mesmos. Non debe enganar o crecemento aparentemente desproporcionado dos gastos de persoal, explicábel por unha reclasificación de gastos derivados do reaxuste da política retributiva. O incremento adicional experimentado polos gastos de persoal por este concepto compensouse exactamente coa diminución de outros gastos en conceptos de retribución continxente.

En canto á composición dos ingresos por servizos e dos de carácter extraordinario, aqueles explícanse por servizos prestados a empresas participadas (4), sociedades non participadas (12) e organismos públicos (4), e en canto aos extraordinarios proceden da recuperación de ingresos previamente provisionados.

Finalmente, unha parte importante da mellora experimentada polo cash flow trasladouse a resultados gracias ao menor requerimento de provisións no exercicio 95 respecto ao anterior.

Resumindo as consideracións anteriores podemos afirmar:

- SODIGA experimentou unha importante mellora no cash flow e resultados xerados con relación ao exercicio anterior (41% e 162% respectivamente en magnitudes antes de impostos; 34% e 140% despois de impostos).
- Os motivos deste bo comportamento dos recursos financeiros e resultados xerados pola Sociedade estriban na:
    - Boa evolución dos ingresos financeiros, atribuíbel ao crecemento experimentado polos tipos de xuro respecto ao ano anterior, así como ao financiamento adicional achegado polo IGAPE en concepto de Fondo de Financiamento ao Investimento (FFI).
    - Rigorosa contención de custos.
    - Importante crecemento dos ingresos accesorios, especialmente dos de carácter extraordinario, por recuperación de provisións previamente dotadas.

## LIQUIDACIÓN DE IMPOSTOS

Consoante as previsións avanzadas nas sucesivas Cartas Trimestrais de 1995, o exercicio cerrou-se cuns impostos sociais próximos aos 11 M.Ptas.

| | |
|---|---|
| Resultado contábel | 136.041.477 |
| Cuota íntegra | 47.614.517 |
| Deduccións aplicabeis | (33.796.294) |
| **Cuota líquida** | **13.818.223** |
| Axuste por cambio de réxime tributación (7% sobre 39.000.000) | (2.730.000) |
| **Imposto de Sociedades 1995** | **11.088.223** |

## DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS

A Xunta Xeral de Accionistas celebrada o 31 de maio de 1996 aprobou unha distribución de dividendos, equivalente ao 0,5% do capital social.

| **Base de reparto** | **en Ptas.** |
|---|---|
| Resultados do Exercicio | 124.953.254 |
| **Proposta de distribución** | |
| – A reserva legal | 12.495.325 |
| – A reservas voluntarias | 94.239.009 |
| – A dividendos | 18.218.920 |

O acordo da Xunta Xeral de Accionistas permite a continuación da política de distribución de dividendos aínda que cuantitativamente teña un valor maiormente simbólico. Esta posición preserva o dereito económico á percepción de dividendos, especialmente significativo para as entidades financeiras partícipes, ao tempo que asegura a capitalización progresiva da Sociedade, acopiando recursos para a futura potenciación da actividade investidora.

# EMPRESAS MÁIS SIGNIFICATIVAS PARTICIPADAS POR SODIGA

| EMPRESA | DOMICILIO SOCIAL |
|---|---|
| Acuinova Galicia, S.A. | R/ José Fernández López - Chapela - Redondela (Pontevedra) |
| Adegas das Eiras, S.A. | Estrada Tui - A Guarda, km. 46 - O Rosal (Pontevedra) |
| Anodizados de Sabón, S.A. | Polígono Industrial de Sabón - Arteixo (A Coruña) |
| Aproveitamientos Hidráulicos de Galicia, S.A. | Avda. La Habana, 24 (Ourense) |
| Bajamar Séptima, S.A. | Polígono Industrial de Sabón, parcela 13 - Arteixo (A Coruña) |
| Dinak, S.A. | Camiño do Laranxo, s/n. - Vigo (Pontevedra) |
| Econoler, S.A. | R/ San Andrés, 56, 7º C. (A Coruña) |
| Energía de Galicia, S.A. | R/ Romero Donallo, 9 C - Santiago (A Coruña) |
| Eurobandas, S.A. | Ribadelouro - Tui (Pontevedra) |
| Ferroplast, S.L. | R/ Alcalde Portanet, s/n. - Vigo (Pontevedra) |
| Frinova, S.A. | Polígono Industrial As Gándaras de Budiño - O Porriño (Pontevedr |
| Galicia Manzanera, S.A. | Polígono Industrial As Gándaras de Budiño - O Porriño (Pontevedr |
| Gestión Energética de Galicia, S.A. | R/ Hórreo, 94, entresolo esquerda - Santiago (A Coruña) |
| Graninter, S.A. | Polígono Industrial As Gándaras de Budiño - O Porriño (Pontevedr |
| Granitos de Atios, S.A. | Polígono Industrial As Gándaras de Budiño - O Porriño (Pontevedr |
| Hormitubo, S.A. | Parque comercial e industrial - Silleda (Pontevedra) |
| Lamcol Orense, S.A. | Polígono A Uceira - O Carballiño (Ourense) |
| Mecamós, S.A. | Lugar de Rans, 20. Barrio da Igrexa - Tameiga - Mos (Pontevedra) |
| Nak Electronics, S.A. | Avda. Castelao, 73 - Vigo (Pontevedra) |
| Neoplástica España, S.A. | Salceda de Caselas (Pontevedra) |
| Norconsult, S.A. | R/ Fernando Macías, 13 (A Coruña) |
| Parque Eólico de Malpica, S.A. | R/ Hórreo, 94, entresolo - Santiago (A Coruña) |
| Polipropileno Galicia, S.A. | Polígono Industrial A Gándara - Narón (A Coruña) |
| Privilege Advanced Granits, S.A. | Polígono Industrial As Lagoas - Narón (A Coruña) |
| Rodman-Polyships, S.A. | Ríos - Teis - Vigo (Pontevedra) |
| Unión Distribuidora de Electricidad, S.A. | Avda. de Lugo, 125, 2º C - Santiago (A Coruña) |

| ACTIVIDADE | CAPITAL SOCIAL (millóns de pesetas) | % PARTICIPACIÓN |
|---|---|---|
| Cultivo, producción e comercialización de productos do mar | 394,80 | 13,570 |
| Elaboración e comercialización de viños de calidade | 297,10 | 16,490 |
| Anodizado de perfís de aluminio | 94,84 | 10,540 |
| Producción de enerxía | 225,00 | 20,000 |
| Fabricación e elaboración de pizzas | 1.000,00 | 3,000 |
| Fabricación e comercialización de chemineas modulares | 80,00 | 25,000 |
| Servizos de xestión de aforro de enerxía | 100,00 | 2,500 |
| Producción de enerxía | 245,50 | 5,090 |
| Fabricación e comercialización de lousas de granito modular | 75,00 | 24,987 |
| Fabricación de artigos metálicos e plásticos para automóbiles | 105,20 | 0,470 |
| Fabricación e elaboración de productos precociñados | 1.500,00 | 6,000 |
| Producción de sidra, zume e derivados de mazá | 220,00 | 6,820 |
| Servizos de xestión e aforro de enerxía | 10,57 | 42,570 |
| Aserrado e pulido de granito para a construcción | 230,00 | 13,043 |
| Aserrado e pulido de granito para a construcción | 240,00 | 7,500 |
| Fabricación de tubería de formigón | 100,00 | 25,000 |
| Fabricación e montaxe de madeira laminada colada | 210,00 | 4,760 |
| Fabricación de ferramenta de aceiro | 16,00 | 25,000 |
| Fabricación e comercialización de sistemas eléctricos | 14,00 | 28,571 |
| Producción de láminas de plástico de polipropileno | 400,00 | 3,750 |
| Prestación de servizos para a xestión empresarial | 30,00 | 9,033 |
| Promoción e explotación do parque eólico | 87,50 | 14,290 |
| Transformación, manipulación e comercialización do plástico | 2.350,00 | 10,638 |
| Fabricación e comercialización de pedra natural e artificial | 400,00 | 25,000 |
| Construcción e reparación de barcos | 1.000,00 | 5,000 |
| Distribución de enerxía eléctrica | 100,00 | 30,000 |

## EMPRESAS MÁIS SIGNIFICATIVAS DESINVESTIDAS POR SODIGA

| EMPRESA | DOMICILIO SOCIAL |
|---|---|
| Afianzamiento de Galicia, S.G.R. | R/ San Andrés, 56, 2º (A Coruña) |
| Antonio Bandeira, S.A. | Louredo - Mos - Estrada Redondela (Pontevedra) |
| Aspol, S.A. | Polígono Industrial San Cibrao das Viñas (Ourense) |
| Boanova, S.A. | Chapela - Vigo (Pontevedra) |
| Bodegas Salnesur, S.A. | Bouza - Castrelo - Cambados (Pontevedra) |
| Bodegas Vilariño-Cambados, S.A. | San Adrián de Vilariño - Cambados (Pontevedra) |
| Caolines de Vimianzo, S.A. | Castelló, 128, 5º (Madrid) |
| Centro Microfilmación Galicia, S.A. | R/ Sol, 20 (A Coruña) |
| Complejo de Industrias Lácteas, S.A. | Estrada Nacional VI - Nadela (Lugo) |
| Conductores Eléctricos de Galicia, S.A. | Estrada Puxeiros a Peinador - Vigo (Pontevedra) |
| Conservas Carballo, S.A. | Praia de Arealonga - Redondela (Pontevedra) |
| Envases del Atlántico, S.A. | Estrada Vilagarcía - Pontevedra. Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) |
| Facet Ibérica, S.A. | Polígono Industrial de Sabón, parcela 16 - Arteixo (A Coruña) |
| Forestal del Atlántico, S.A. | Punta Promontoiro, s/n - Mugardos (A Coruña) |
| Forjas de Galicia, S.A. | Polígono Industrial San Cibrao das Viñas (Ourense) |
| Gallega de Mecanizados, S.A. | Polígono Industrial do Tambre - Santiago (A Coruña) |
| Granitos Ibéricos, S.A. | Peinador - Mos (Pontevedra) |
| Hidroeléctrica de Forcadas, S.A. | (A Coruña) |
| Hypor Ibérica, S.A. | R/ Durán Loriga, nº 9 - 4º D. (A Coruña) |
| Incipresa | Estrada Peinador - Valos, km. 4,3 - Mos (Pontevedra) |
| Industrias de Rocas Ornamentales, S.A. | Trigal - Sobradelo de Valdeorras (Ourense) |
| Industrias del Tablero, S.A. | A Fraga - San Sadurniño (A Coruña) |
| Kiwi Atlántico, S.A. | Portariz - Lois - Ribadumia (Pontevedra) |
| Kiwi de Galicia, S.A. | Mondariz (Pontevedra) |
| Lácteas del Atlántico, S.A. | Estrada Caldas - Vilagarcía, km. 3. Caldas de Reis (Pontevedra) |
| Lignotock Galicia, S.A. | Polígono Industrial As Gándaras de Budiño - O Porriño (Pontevedra) |
| Magaplast, S.A. | O Cerquido - Salceda de Caselas (Pontevedra) |
| Matricería Galega, S.A. | Camiño Gandarón, s/n. - Vigo (Pontevedra) |
| Motores M.W.M., S.A. | Polígono Industrial As Gándaras de Budiño - O Porriño (Pontevedra) |
| Norcontrol, S.A. | R/ María Luisa Durán Marquina, 20 (A Coruña) |
| Norsistemas, S.A. | R/ María Luisa Durán Marquina, 20 (A Coruña) |
| Perfiles de Aluminio, S.A. | Polígono de Sabón - Arteixo (A Coruña) |
| Plásticos y Desarrollos, S.A. | O Cerquido, km. 22. Estrada Porriño - Salceda (Pontevedra) |
| Polyships, S.A. | Ríos - Teis - Vigo (Pontevedra) |
| Promoción Granjas Complementarias Terneros Gallegos, S.A. | R/ La Rosa, 33 - Santiago (A Coruña) |
| Promotora del Ulla, S.A. | R/ San Pedro de Mezonzo, 37, 2º A - Santiago (A Coruña) |
| Quesos de Galicia, S.A. | R/ Linares Rivas, 27, 1º (A Coruña) |
| Quival, S.A. | Fragas - Campolameiro (Pontevedra) |
| Rodman, Construcciones Navales e Industriales,S.A. | Estrada de Puxeiros - Mos (Pontevedra) |
| Sociedad de Garantía Recíproca de Pontevedra, S.G.R. | R/ Mª Berdiales, 7, entreplanta - Vigo (Pontevedra) |
| Suelo Industrial de Galicia, S.A. | Rúa do Vilar, 15, 1º - Santiago (A Coruña) |
| Tasa Galicia, S.A. | Avda. Linares Rivas, 28-30 (A Coruña) |
| Técnicas y Seguridad Industrial y Naval, S.A. | Polígono Industrial de Sabón, parcela 157 - Arteixo (A Coruña) |
| Trefilería y Galvanizados, S.A. | Polígono Industrial A Grela (A Coruña) |
| Troqueles y Moldes de Galicia, S.A. | Polígono Industrial do Tambre - Santiago (A Coruña) |
| Unión Técnico Ganadera, S.A. | R/ Emilia Pardo Bazán, 22, 1º B (A Coruña) |
| Vehículos Especiales Uro, S.A. | Vía Edison, 17. Polígono Industrial do Tambre - Santiago (A Coruña) |

| ACTIVIDADE |
| --- |
| Avales para a pequena e mediana empresa |
| Elaboración e embotellado de viños |
| Fabricación e comercialización de colchóns |
| Pesca e comercialización de peixe |
| Elaboración e comercialización de viños Albariño |
| Elaboración e comercialización de viños Albariño |
| Explotación de caolíns e arxilas |
| Prestación de servizos de microfilmación |
| Fabricación de productos derivados do leite |
| Fabricación de conductores eléctricos |
| Conservas de peixe |
| Fabricación e venda de envases de aluminio |
| Fabricación e comercialización de filtros |
| Fabricación de colas resinas |
| Forxa e estampación |
| Fabricación de semielaborados |
| Aserrado e pulido de granito para ornamentación |
| Explotación central hidroeléctrica |
| Cría de gando porcino |
| Fabricación de equipos e vehículos contra incendios |
| Investigación, extracción e elaboración de lousas |
| Fabricación de taboleiros de media densidade |
| Explotación, industrialización e comercialización do kiwi |
| Producción, industrialización e comercialización do kiwi |
| Producción e comercialización de productos derivados do leite |
| Fabricación e comercialización de productos para o automóbil |
| Transformación, manipulación e comercialización de polietileno |
| Construcción e venda de ferramenta e matricería |
| Fabricación de motores Diesel |
| Inspección e control de calidade |
| Explotación de servizos de informática e telemática |
| Fabricación de extruídos de aluminio |
| Transformación, manipulación e comercialización de plásticos |
| Construcción e reparación de barcos |
| Cría e engorde de tenreiros |
| Explotación forestal |
| Elaboración e comercialización de productos derivados do leite |
| Elaboración e comercialización de froitos secos |
| Fabricación de embarcacións en fibra de vidro |
| Avales para a pequena e mediana industria e comercio |
| Preparación do solo industrial |
| Valoración e taxación |
| Fabricación de material contra incendios |
| Transformados por trefilado de aceiros e metais |
| Fabricación de moldes, troqueis e ferramentas de precisión |
| Fabricación de pensos |
| Fabricación de vehículos especiais todo terreo |



SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA

Rúa Ourense, 6 (A Rosaleda). Apdo. 186

Teléfono (981) 56 61 00

Fax (981) 56 61 83

15701 Santiago de Compostela (España)

